

A correr o Entroido!

O mes de febreiro vístese en Galicia coas cores do Entroido. Os personaxes máis pintorescos e tradicionais agardan ansiosos a que chegue esta festa, para saír á rúa a lucir os seus disfraces e, sobre todo, para pasalo moi ben facendo das súas: botarlles formigas, fariña e lama á xente que os vai ver, meterse cos veciños ata que estes os conviden a algo, recitar coplas que poden ferir a sensibilidade dalgún coñecido ou coñecida, etc. En definitiva, fan cousas que o resto do ano non estarían ben vistas.

Nas aldeas e nas vilas galegas é onde se conserva o Entroido máis tradicional. De feito, hai dous que están catalogados como Festas de Interese Turístico Nacional: o Entroido de Xinzo de Limia, coas pantallas; e o Entroido de Verín, cos cigarróns. Así mesmo, hai outros seis entroidos que están recoñecidos como Festas de Galicia de Interese

Turístico: o Carnaval de Cobres, coas damas e os galáns; o Entroido de Laza, cos seus peliqueiros; o Entroido de Viana do Bolo, cos boteiros; o Folión Tradicional do Entroido de Manzaneda, coas mázcaras; os xenerais do Ulla; e o Entroido de Maceda, cos felos.

Nas cidades galegas celébranse desfiles con carrozas en que participan moitas persoas disfrazadas, co mesmo obxectivo ca os das vilas e aldeas: pasalo moi ben. E ti, non te animas este ano a correr o Entroido?



s personaxes típicos do Entroido galego.



pantallas

mázcaras

boteiros

xigantes

cigarróns

felos

sarxentos

cabezudos

damas e galáns

2 Escribe o nome da localidade onde se celebra cada Entroido.



xenerais do

Ulla



cigarróns de

Verín



pantallas de

Xinzo



boteiros de

Viana do Bolo



damas e galáns de

Cobres



peliqueiros de

Laza

3 Responde.

- Que entroidos están considerados Festas de Interese Turístico Nacional?

O Entroido de Verín e os seus cigarróns.

O Entroido de Xinzo coas súas pantallas.

- Cales son recoñecidos como Festas de Galicia de Interese Turístico?

O Carnaval de Cobres, o Entroido de Laza, o Entroido de Viana do Bolo, o Folión de Manzaneda, os xenerais do Ulla e o Entroido de Maceda.


Numerais e indefinidos

LEMBRA

- Os **numerais** son palabras que expresan cantidade ou orde de xeito preciso. Os numerais poden ser **cardinais** (expresan cantidades exactas) e **ordinais** (indican a posición dun elemento dentro dun conxunto ordenado).
- Os **indefinidos** son palabras que expresan cantidade ou nomean alguén ou algo de maneira imprecisa.

1 Arrodea os numerais das seguintes oracións e clasifícaaos.

- Collín o autobús polos pelos, o último saía da estación ás vinte e unha horas.
- A vindeira semana celébrase a trixésimo primeira edición da carreira pedestre.
- O avó fixo onte setenta e seis anos e celebroun cunha gran festa de aniversario.
- Antía ten na clase o número dezaoto é dicir, é a décimo oitava da lista.



Ordinais

trixésimo primeira, décimo oitava

Cardinais

vinte e unha, setenta e seis, dezaoto

2 Escribe o numeral cardinal e o ordinal que corresponden a cada cifra.

1

▶ un, primeiro

2

▶ dous, segundo

3

▶ tres, terceiro

4

▶ catro, cuarto

5

▶ cinco, quinto

6

▶ seis, sexto

7

▶ sete, sétimo

8

▶ oito, oitavo

3 Copia as oracións e complétaas co indefinido axeitado. RM.

Lembra que teñen que ir no mesmo xénero e no mesmo número ca o substantivo que acompañan.

algún

pouco

varios

moito

ningún

bastante

- Na miña mochila caben moitas cousas.
- Levamos varios días co ceo sen ningunha nube.
- Foron bastantes persoas ao teatro, para ser un día de semana.
- Supoño que algún día voverei visitar esa vila.
- Fai o favor, dáme unha pouca auga.



4 Escribe dous grupos nominais para cada imaxe: un cun numeral e outro cun indefinido.



▶ tres árbores,
varias árbores

oito bombóns, algúns bombóns ◀



▶ vinte alumnos,
moitos alumnos

5 Subliña as seguintes palabras segundo o código de cores.

Ordinal

Cardinal

Indefinido

- | | | | | |
|-----------------------|------------------|-----------------------|-------------------|--------------------------|
| ▪ <u>vinte e dous</u> | ▪ <u>ambos</u> | ▪ <u>noveno</u> | ▪ <u>vixésimo</u> | ▪ <u>demasiado</u> |
| ▪ <u>ninguén</u> | ▪ <u>corenta</u> | ▪ <u>dezaseis</u> | ▪ <u>calquera</u> | ▪ <u>oitenta e nove</u> |
| ▪ <u>cento un</u> | ▪ <u>algo</u> | ▪ <u>cuadraxésimo</u> | ▪ <u>sétimo</u> | ▪ <u>décimo terceiro</u> |

A acentuación


LEMBRA

A sílaba que soa máis forte nunha palabra é a **sílaba tónica**.



Nalgunhas palabras, a sílaba tónica márcase cun signo que se chama **acento gráfico**.

1 Copia a sílaba tónica de cada palabra no verme e descubre a mensaxe.

- febre
- reliquia
- cociña
- realidade
- desde



2 Arrodea a sílaba tónica de cada palabra. Ao acabar, clasifica as palabras.



cámara

igreja

Con
acento
gráfico

balancín

chaqueta

teléfono

crocodilo

pantalóns

vaqueiro

Sen
acento
gráfico

3 Ordena as letras e escribe as palabras. Despois, arrodea a sílaba tónica de cada unha.



UCÁLBSA

báscula



NÓFMRIOCO

microfóno



ROTAT

torta



TÑOIRAR

ratíño



AÚBSOTU

autobús



SMÉCITNO

céntimos



NICAÓM

camión



COEVR

cervo

4 Subliña a sílaba tónica de cada palabra da serie e forma con elas outra palabra con acento gráfico.

vermú

resina

aguacate

▶ música

acendido

físico

alguacil

▶ difícil

campo

alpino

acordeón

▶ campión

5 Relaciona cada palabra coa descrición correspondente.



cántaro

A sílaba tónica é a antepenúltima e leva acento.



vestido

A sílaba tónica é a última e leva acento.



millo

A segunda sílaba é tónica, pero non leva acento.




avión

Ten unha sílaba tónica e unha átona.

As festas tradicionais. Palabras homófonas

1 Busca na sopa de letras os nomes representados nas imaxes e escríbeos onde corresponda. Todos están relacionados coas festas tradicionais.



cabezudos



xigantes



bailadores



procesión



gaiteiros



maios

2 Relaciona cada comida coa festa en que se toma.




San Xoán

Nadal

Entroido

Magosto

- 3 Substitúe cada letra pola anterior no abecedario e obtén nomes de xogos tradicionais.



NBSLPMB

MARIOLA



QBÑP

PANO



CLSMPT

BIRLOS

- 4 Razona. Que cres que significa o que a nai lles pide aos fillos?



Teñamos a festa en paz!

Que deixen de pelexar
e cheguen a un acordo.

- 5 Fíxate nos seguintes pares de palabras homófonas. Despois, completa as oracións coa palabra adecuada.

bago	Cada unha das uvas que forman o acio.	vago	Que non lle gusta o traballo.
habano	Cigarro puro de orixe cubana.	abano	Utensilio para dar aire.
bacca	Armazón que se instala na parte superior dos vehículos para transportar equipaxes.	vaca	Mamífero.
hai	Forma do verbo <i>haber</i> .	ai!	Interxección.

- Ai! que calor vai! Pásasme o abano, por favor?
- Teu irmán é algo vago: foi á vendima e non colleu nin un bago.
- Hai tres días que a vaca pariu un becerriño.

1 Observa a imaxe e marca a resposta axeitada en cada caso.

Que xogo é?


As damas. O tres en raia.

Cantas persoas poden xogar?


Dúas. Tres. Nove.

Que se necesita para xogar?


Dado, taboleiro e seis fichas. Taboleiro e seis fichas. Taboleiro e nove fichas.




2 Arrodea. Que fichas gañaron cada partida?



verdes vermellas



brancas negras



amarelas azuis

3 Explica como se xoga a este xogo.

Que xogo é? → Xogo tres en raia

Poden xogar dúas persoas.

Número de xogadores

Material necesario

Para xogar cómpren taboleiro e seis fichas.

Que cómpre facer para gañar?

Gaña o xogador que pon as tres fichas en liña en vertical, horizontal ou diagonal.

ACTIVIDADES DE REPASO

1 Subliña o determinante de cada expresión e escribe debaixo se é numeral cardinal, numeral ordinal ou indefinido.

- Duascentas mil persoas
cardinal
- Bastante frío
indefinido
- Moitos participantes
indefinido
- Mil euros
cardinal
- Algunhas gominolas
indefinido
- Primeiro ministro
ordinal
- Calquera día
indefinido
- Oitavo lugar
ordinal



2 Escribe cada palabra onde corresponda, tendo en conta que cada casa é unha sílaba e que a sombreada é a tónica.



banda



parchís




pérgola



termómetro



alfombra



camaleón

pér go la

par chís

ca ma le ón

ban da

al fom bra

ter mó me tro

3 Copia as oracións coa palabra homófona que corresponda.

- Ai / Hai que susto levei cando vin o neno na árbore!

Ai! que susto levei cando vin o neno na árbore!

- Martiño non as / has pensa e despois arrepiñtase.

Martiño non as pensa e despois arrepiñtase.

- Paréceme ben / vén se ela vén / ben a canda nós.

Paréceme ben se ela vén a canda nós.